# Comprendo un texto poético

## *Unha función emocionante*

A función vai comezar!
O público, impaciente,
anima moito o ambiente
e xa aplaude a rabiar!

O funámbulo, concentrado,
pola fina corda navega
mentres ao público rega
con papel rubio e dourado.

Máis arriba, a trapecista
executa un triplo mortal
que remata fenomenal,
caendo de pé na pista.

Que pánico! Que ilusión!
Os espectadores, abraiados,
aplauden, emocionados,
o final da función.



**1** **Relaciona. Que fai cada un?**



O público



O funámbulo



A trapecista

- rega o público con papel.
- aplaude ao final da función.
- cae de pé na pista.
- navega pola fina corda.
- anima o ambiente.
- executa un triplo mortal.

**2** **Risca a palabra de cada grupo que non teña o mesmo significado ca a primeira.**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| impaciente | inquieto | intranquilo | ansioso | calmado |
| fino | delgado | gordo | sutil | tenue |
| rematar | acabar | remar | concluír | finalizar |
| pánico | espanto | alegría | sobresalto | terror |
| abraiado | asombrado | pasmado | asustado | marabillado |

**3** **Fíxate no poema e resolve estas cuestións.**

- Cantas estrofas ten? ______ Cantos versos ten cada estrofa? ______
- Copia as letras finais do primeiro verso, a partir da ultima vogal tónica. ______
- Que verso acaba nas mesmas letras ca o primeiro? ______
- Que outros dous versos da primeira estrofa comparten a terminación entre eles?

  ______
- Como é a rima, consonante ou asonante? ______

**4** **Completa a partir da información anterior.**

O poema ten catro ______.

En cada estrofa hai ______

versos que teñen rima ______.

O primeiro verso rima co ______

e o ______ verso rima co ______.

